# 3 Acceso aos contidos: busca sinxela e avanzada



Un xeito de acceso aos contidos é a través dos buscadores , permitindo ao usuario localizar os contidos por un texto libre ou establecendo diferentes parámetros para a busca:

- ✓ **Busca sinxela,** a partir dun texto introducido polo usuario que describe o contido a buscar.
- ✓ **Busca avanzada**, permitindo ao usuario a localización de contido en base á súa clasificación, o seu formato ou a súa data de publicación na biblioteca.

Tamén se pode acceder a información da biblioteca a través dos **buscadores** por texto con carácter predictivo que se atopan na **portada** do portal e na **sección de Meu Eido.**

## Busca avanzada










**Ademais de poder introducir texto no campo predictivo (1)** é posible usar as **listas de selección múltiple** para afinar a busca **(2) :**

- ✓ A lista correspondente a cada unha das clasificacións pode conter subopcións (+) que se poden despregar e/ou contraer.
- ✓ Unha vez despregada a lista correspondente a calquera das clasificacións, e mediante a pulsación sobre unha ou varias das opcións da mesma, é posible buscar por un ou varios elementos á vez.
- ✓ Unha vez seleccionado/s o/s parámetro/s da busca na lista, deberase premer fóra da lista para finalizar a selección.

Tamén é posible utilizar as opcións de **tipo de contido (3)** para afinar mais os criterios.

**Premendo no botón buscar (4)** despregaranse os resultados .

**Premendo sobre o contido desexado (5)** accederase directamente á **ficha do mesmo.**

### Tipos de clasificacións dun contido :

1. **Temas:** temática do contido.
2. **Tipo de contido:** documento, noticia, evento, imaxe, son,….
3. **Colectivos:** colectivos aos que lles pode resultar de interese o contido.
4. **Organizacións**: Organismos que son os provedores e/ou responsables do contido.
5. **Ámbitos xeográficos:** ámbito xeográfico no que é de aplicación o contido.